



NORMATIVA

CAMPIONATO GALEGO DE IOLAS - 2018

FECHA: 13 de outubro de 2018 (SÁBADO)

A CELEBRAR EN: ENSINADA DE A MALATA (FERROL)

ORGANIZAN

Federación Galega de Remo e o Club Remo San Felipe

DIRECCIÓN TÉCNICA

Comité Galego de Xuíces-Árbitros.

MODALIDADE, CATEGORÍA E DISTANCIA

Iolas A4 Con Temoneiro.- (LARGO DE 250 METROS)

CADETES (M-F) (Nacidos 2002-2003) _____ 1.500 m (5 ciabogas)

XUVENÍS (M-F) (Nacidos 2000-2001) _____ 2.000 m (7 ciabogas)

ABSOLUTOS (M-F) (Nacidos 1999 e antes) _____ 2.000 m (7 ciabogas)

VETERANOS (M-F) (Nacidos 1988 e antes) _____ 1.000 m (3 ciabogas)

INSCRICIÓN

Os Clubs que desexen participar neste Campionato Galego de Iolas, remitirán as súas Follas de Inscripción a esta Federación, **con anterioridade ás 21,00 horas do próximo día 8 de outubro de 2018 (LUNS)**.

TÓDALAS TRIPULACIÓNS DEBERÁN PRESENTARSE CON EMBARCACIÓN PROPIA.

REUNIÓN DE DELEGADOS

Coincidirá coa Reunión de Delegados da Regata "XXII Trofeo de Iolas Cidade de Ferrol", o sábado 13 de outubro ás 14,30 horas nas instalacións do C. R. San Felipe en A Cabana. Significando ós señores delegados, a obrigatoriedade da asistencia, evitando así que se poida dar a súa tripulación por non presentada. Só poderá asistir un delegado por Club.



HORARIO

O horario de regatas irá en función das inscricións efectuadas.

CLASIFICATORIA PARA O CAMPIONATO DE ESPAÑA DE IOLAS

Como no Campionato de España só poderán participar un máximo de dous tripulacións por Autonomía e Categoría, limitándose a inscrición a unha tripulación por Club e Categoría, tanto en feminino como en masculino, **clasifican para o Campionato de España os 2 primeiros clasificados no Campionato Galego de Iolas**. No caso de non cubrirse o número de tripulacións mínimas por categoría, dous por categoría, non haberá Campionato Galego nesa Categoría, e poderán acudir tódalas tripulacións inscritas ó CAMPIONATO DE ESPAÑA DE IOLAS a celebrar en MARÍN (Pontevedra), os días 3 e 4 de novembro de 2018.

Na categoría Absoluta, só estará permitida a participación de Xuvenís e Seniors.

Na categoría de Veteranos, ó disputarse o Campionato en categoría única, poderán inscribirse dous tripulacións do mesmo Club, sempre e cando non sexan da mesma categoría de idade.

As tripulacións presentaranse con embarcación propia.

TEMONEIROS

Absolutos e Xuvenís: o peso do temoneiro, de acordo ás normas FISA, está fixado nun mínimo de 55 Kgs para as tripulacións Absoluto e Xuvenil Masculino, e en 50 Kgs para as tripulacións Absoluto e Xuvenil Feminino. Para acadar este peso, o temoneiro pode dispor dunha sobrecarga máxima de 10 Kgs colocada na embarcación o máis cerca posible del.

Cadetes: sen limitación mínima de peso.

O horario da pesaxe determinarase na reunión de delegados.

INFORMACIÓN ADICIONAL PARA OS VETERANOS

Ó tratarse de categoría única, ponse en coñecemento dos posibles participantes, que será aplicado o sistema de clasificación por hándicap como en anteriores Campionatos.

Por este motivo, nas inscricións para esta categoría, se farán constar as idades dos participantes, así como a idade media da tripulación e a categoría de esta na que se inscribe, sen o temoneiro.